

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO  
LOCAL EN DATA 26 DE FEBREIRO DO 2007.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as once horas do día vinteseis de febreiro do ano dous mil sete, tivo lugar a sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Luís Alonso Riego, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D. Ignacio D. Saa González.
- D. José Vicente Ferreira (incorpórase cando se sinala).
- Dna. Teresa Cadilla Gonzalez.
- D. Manuel Alberto Franco Peixoto.
- D. José Luis Lomba Álvarez (incorpórase cando se sinala).

Asiste como Secretaria Dna. Julia M<sup>a</sup> Carrasco Glez.- Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- SERVIZOS

Lese o escrito RE 1.032 de data 15 de febreiro de 2007, presentado por D. ANTONIO ADROVER VICENTE, con enderezo na rúa Calvario, nº 59 de A Guarda, solicitando o cambio do contador de subministro de auga municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda reafirmarse no acordo adoptado pola Xunta de Goberno de data 8 de febreiro reiterando que non procede a súa reclamación posto que non existe unha diferenza significativa de consumos.

PUNTO 2.- SOLICITUDES

Lese o escrito RE 1.051 de data 16 de febreiro de 2006, presentado por CLUB DE REMO ROBALEIRA, para informar que día 18 de marzo vai celebrarse no porto de A Guarda a regata IX Bandeira Concello de A Guarda memorial Antonio Torrón, para o que solicitan a colaboración da Policía Local co fin de ordenar o tráfico na zona.

Asimesmo, solicitan que se lles facilite un palco cun tolde para situar os árbitros da competición.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado nos mesmos termos que en anos anteriores.

Lese o escrito RE 1.057 de data 16 de febreiro de 2007, presentado por D. ANTÓN FERREIRA LORENZO, con enderezo na rúa Carril-San Caetano, nº 12 de A Guarda, solicitando que, ou ben se faga efectivo o abono da subvención concedida hai case catro anos para a páxina web galiciasuroeste, ou ben se anule a mesma.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado a Intervención e que se proceda ó pago da subvención.

Lese o escrito RE 1.144 de data 20 de febreiro de 2007, presentado por D. AGUSTÍN FERREIRA LORENZO en representación de ANABAM, con enderezo no Aptdo. de Correos, nº 59 de A Guarda, ofrecendo a posibilidade de asinar un convenio entre esta asociación e o Concello para dispor de diverso material relacionado co mundo do mar para formar parte do futuro Museo do Mar.

A Xunta de Goberno Local acorda aceptar dita proposta.

Lese o escrito RE 1.125 de data 19 de febreiro de 2007, presentado por D. SANTIAGO GÓMEZ-REINO LECOQ, na súa calidade de Presidente da Comunidade de Propietarios da Urbanización Río Miño, solicitando información sobre o pago por parte dos propietarios da Urbanización da taxa de sumidoiro e do IBI dos garaxes existentes na comunidade.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se trata dunha información confidencial da que non se pode dar traslado.

Lese o escrito RE 1.237 de data 23 de febreiro de 2007 de data 23 de febreiro de 2007, presentado por CLUBE DA TERCEIRA IDADE E PENSIONISTAS DE A GUARDA, con enderezo na praza de San Benito, nº 10-3º de A Guarda, solicitando que dende o Concello se trate de xestionar ante a Deputación de Pontevedra unha visita ó Museo Provincial de Pontevedra para os socios deste Clube.

A Xunta de Goberno Local acorda xestionar dita petición.

- *INCORPÓRASE O SR. LOMBA ÁLVAREZ*

### PUNTO 3.- OUTROS ACORDOS

Lese o escrito RE 9.248 de data 30 de decembro de 2006, presentado por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, comunicando que para atender a petición de suministro de enerxía eléctrica na rúa 2ª Transv. Coruto Vello, nº 33 deberá abonar a cantidade de 1.690,52 euros máis o IVE en vigor no momento do pago.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado a Intervención e que se proceda o pago.

Dase conta do escrito RE 1.131 de data 19 de febreiro de 2007, remitido por CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS – DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA, achegando escrito e fotografías presentadas nesa delegación por D. José Manuel Da Silva Martínez, propietario dunha terraza bar na praia de Fedorento, relativo ó presunto perxuízo que lles está a causar ó depósito de algas en vías públicas.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 1.190 de data 21 de febreiro de 2007, presentado por D. JOSEP MARÍA GOMEZ HOSPITAL, en calidade de Director de Patrimonio e Medio Ambiente de Retevisión I, S.A.U. con enderezo na Avda. Gran Vía de las Cortes Catalanes, nº 130 – 136 Planta 11ª de Barcelona, xuntando determinada documentación para que sexa remitida á Consellería de Cultura e Deporte – Delegación Provincial de Pontevedra con respecto os traballos de reparación e mantemento do centro reemisor de televisión de A Guarda sito no Facho do Monte Santa Trega.

A Xunta de Goberno Local acorda remitir dita documentación á Consellería de Cultura.

Dase conta do escrito RE 1.196 de data 21 de febreiro de 2007, presentado por CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE – DELEGACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, comunicando a orde de paralización das obras de instalación de paneis publicitarios verticais de tipo turístico no ámbito do Monte Santa Trega.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

### PUNTO 4.- SUBVENCIONES

Vista a Orde do 8 de febreiro de 2007 pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de obras e equipamentos por parte dos concellos de Galicia, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, acorda:

1. acollerse a dita orde e aprobar as obras de “Instalación de ascensor para eliminación de barreiras arquitectónicas no Conservatorio Elemental de Musica de A Guarda”.
2. aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta orde.

Vista a Orde de 7 de febreiro de 2007 pola que se regula a concesión de axudas económicas aos concellos de Galicia para a contratación temporal de auxiliares de policía local durante a tempada de verán, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, acorda:

1. acollerse a dita orde e proceder a contratación temporal de 2 auxiliares de policía local durante a tempada de verán.
2. aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta orde.

Vista a Orde do 31 de xaneiro de 2007 pola que se regulan as bases polos que se rexerá a concesión de subvencións destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede a súa convocatoria, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, acorda solicitar dita subvención de acordo co seguinte cadro:

**PERSOAL:**

- Subvención solicitada a C. Autónoma.....	41.301,26 €
- Achega Municipal.....	22.966,00 €
- Remanente.....	0,00 €

**MANTEMENTO:**

- Subvención solicitada a C. Autónoma.....	1.000,00 €
- Achega Municipal.....	0,00 €
- Remanente.....	0,00 €

**AXUDA NO FOGAR:**

- Subvención solicitada a C. Autónoma.....	58.360,50 €
- Achega Municipal.....	6.484,50 €
- Remanente.....	0,00 €

**REALIZACIÓN DE PROGRAMAS:**

- Subvención solicitada.....	43.402,64 €
- Achega Municipal.....	7.196,96 €
- Remanente.....	0,00 €

**INVESTIMENTO:**

*Equipamento :*

- Subvención solicitada.....	6.358,99 €
- Achega Municipal.....	0,00 €
- Remanente.....	0,00 €

*Eliminación de Barreiras:*

- Subvención solicitada.....	4.086,60€
- Achega Municipal.....	1.751,40€
- Remanente.....	0,00 €

**CUSTO TOTAL:**

- SUBVENCIÓN SOLICITADA.....	154.509,99 €
- ACHEGA MUNICIPAL.....	38.398,86 €
- REMANENTE INCORPORADO.....	0,00 €
- CUSTO TOTAL POR CONCEPTOS.....	192.908,85 €

Asímesmo acorda que os servizos sometidos á prórroga continúen nas mesmas condicións do ano anterior e asume o compromiso de dar conta deste acordo ó Pleno da Corporación.

**PUNTO 5.- DENUNCIAS**

Dase conta do parte de denuncia presentado por Dna. Joaquina Martínez Martínez ante a Policía Local de A Guarda por unha caída sufrida na rúa Cervantes, reclamando os gastos derivados da mesma.

A Xunta de Goberno Local acorda incoar expediente de reponsabilidade patrimonial.

Dase conta do parte de denuncia presentado por Dna. Eugenia Rodríguez Baz ante a Policía Local de A Guarda por unha caída sufrida polo seu fillo na rúa Bouzó o día 15 de xaneiro de 2007, reclamando os gastos médicos e farmacéuticos derivados da mesma.

A Xunta de Goberno Local acorda incoar expediente de responsabilidade patrimonial.

## PUNTO 6.- ASUNTOS TRAI DOS POR CONCELLEIROS

Lese o escrito RE 1.260 de data 26 de febreiro de 2007, presentado por INICIATIVA VECIÑAL DO BAIXO MIÑO, con enderezo no Apto. de Correos, nº 5 de A Guarda, solicitando que por parte do Concello se leve a cabo un recoñecemento institucional a Oscar Alonso e Damian polo seu éxito acadado no campionato do mundo de remo especialidade de ergómetro.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

- INCORPÓRASE O SR. VICENTE FERREIRA.

## PUNTO 7.- INSTANCIAS DE URBANISMO

Lese o escrito RE 1.254 de data 24 de febreiro de 2007, presentado por D. FELICIANO ÁLVAREZ RODRÍGUEZ, con enderezo na rúa Couto, nº 13-Camposancos de A Guarda, actuando en representación das empresas Pórtico Paneles, s.l. e Sistemas Fametal, s.l., solicitando que se lle conceda a agrupación das dúas naves nunha sola propiedade e por elo se lle otorgue a licenzia municipal para instalación e actividade de carpintería de aluminio e paneis para portas na súa nave sita en O Pasaxe.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado a Urbanismo para que informe.

Lese o escrito RE 1.244 de data 23 de febreiro de 2007, presentado por D. AGUSTÍN CASTRO VIDEIRA, con enderezo na rúa Fontequente, nº 7 de A Guarda, solicitando que o concello realice ou inste a propietaria a realizar a cubrición dunha gabia aberta no camiño que da o frente da súa vivenda para cimentar un peche dunha finca.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado ó aparelador municipal.

Lese o escrito RE 1.253 de data 24 de febreiro de 2007, presentado por D. EULOGIO P. ABELEIRA CABALEIRO, con enderezo na Avda. de Castelao, nº 51-8ª de Vigo, presentado denuncia contra o Concello por inacción ou deixación de función ó permitir a realización de traballos de instalación dun despacho profesional na rúa Circunvalación, nº 13-2º promovido por D. Hermelindo Martíenz González presuntamente sen licenzia municipal, e solicitando que se incoe o correspondente expediente de reposición da legalidade.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado ó promotor das obras.

#### PUNTO 8.- INFORMES

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de A Guarda relativo a denegación da bonificación das taxas de auga, lixo e sumidoiro a Dna. Virginia Pereira Gonçalves por vivir nunha vivenda alugada.

A Xunta de Goberno Local, segundo dito informe no que se di que “no contrato de aluguer figura espedíficamente que é ela a que ten que facer frente ó pago dos recibos de auga, sumidoiro e lixo. Presentando o mesmo tempo os recibos ó seu nome.” Asimesmo, recórdaselle que para a efectividade da bonificación deberá domiciliar o pago dos recibos.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de A Guarda relativo a denegación da bonificación das taxas de auga, lixo e sumidoiro a Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Alonso Vicente por vivir nunha vivenda alugada.

A Xunta de Goberno Local, segundo dito informe no que se di que “no contrato de aluguer figura espedíficamente que é ela a que ten que facer frente ó pago dos recibos de auga, sumidoiro e lixo. Presentando o mesmo tempo os recibos ó seu nome.” Asimesmo, recórdaselle que para a efectividade da bonificación deberá domiciliar o pago dos recibos.

Dase conta do informe e suxerencias da Traballadora Social do Concello relativos a posibilidade de modificacións na Ordenanza fiscal municipal reguladora da taxa de sumidoiro e taxa de recollida de lixo.

A Xunta de Goberno local sinala que se terán en conta estas propostas.

Dase conta do informe do Departamento de Servizos Sociais do Concello de A Guarda segundo o cal se suxire á Xunta de Goberno Local que na tempada 2007-2008 non asine o convenio para desenvolver o Programa de Turismo Social.

A Xunta de Goberno Local sinala que se terá en conta dito informe.

## PUNTO 9.- OBRAS MENORES

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal, co orzamento fixado por este e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisa-lo solicitante ó Concello con antelación suficiente.

A HIDROMIÑO, S.L., R.E. Nº. 907 DE DATA 12 DE FEBREIRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE JULIO SESTO Nº. 64-PORTAL 3 DE O ROSAL-C.P. 36770, PARA REFORMAS VARIAS NO MUIÑO INTERIOR E EXTERIOR E PECHE DE PARCELA CON MURO DE MAMPOSTERÍA EN SECO, DA PROPIEDAD SITA NA RÚA DE CARRETERA DE CAMPOSANCOS Nº. 4, EN SOLO NON URBANIZABLE DE INTERESE PAISAXÍSTICO (ORDENANZA Nº. 14 DO P.X.O.U.).

A D. VICENTE PÉREZ MARTÍNEZ, R.E. Nº. 8.901 DE DATA 18 DE DECEMBRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE NETOS Nº. 33 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA SUBSTITUIR AS MADEIRAS EN MAL ESTADO POR VIGUETAS PREFABRICADAS DE CEMENTO, URALITA GRAN ONDA E COLOCACIÓN DA TELLA EXISTENTE NUNHA SUPERFICIE DE 50,00 M<sup>2</sup>. DA CUBERTA DO CABANÓN SITO NA RÚA DE NETOS Nº. 33, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “CIVIDÁNS” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A D<sup>a</sup>. CARMEN EMILIA CASTRO COELLO, R.E. Nº. 489 DE DATA 26 DE XANEIRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE SETE CAMIÑOS Nº. 2 DE A GUARDA-C-P- 36789, PARA REALIZAR MURO DE MAMPOSTERÍA DE CONTENCIÓN DE TERRAS NUNHA LONXITUDE DE 40,00 MTS. LINEAIS NA FINCA DA SÚA PROPIEDAD SITA NA RÚA DE SETE CAMIÑOS Nº. 2, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

A D<sup>a</sup>. JOSEFINA GONZÁLEZ ÁLVAREZ, R.E. Nº. 1.019 DE DATA 15 DE FEBREIRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE A CRUZ Nº. 37 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA REFORMA E ACONDICIONAMENTO DO BAIXO, FORMACIÓN DE GALERIA, INSTALACIÓN DUNHA PERGOLA E PICADO E ENCINTADO DAS FACHADAS EXTERIORES DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE A CRUZ Nº. 37, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “SALCIDOS” (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A D. ANTONIO MARTÍNEZ PÉREZ, R.E. Nº. 8.164 DE DATA 16 DE NOVEMBRO DE 2006, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL Nº. 32 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REFORMA INTERIOR DE DÚAS VIVENDAS DO

EDIFICIO SITO NA RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL Nº. 32, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

#### PUNTO 10.- LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA

A Xunta de Goberno Local, vista a instancia presentada por D. ROGELIO BAZ MARIÑO, R.E. Nº. 1.231 DE DATA 23 DE FEBREIRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL Nº. 69-5º DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA Á LICENCIA Nº. 16/2003 OUTORGADA POR DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA 31-12-2002, POR DIFERENCIAS PRESUPUESTARIAS CONTEMPLADAS NAS MODIFICACIÓNS FINAIS DAS OBRAS E CERTIFICADO FINAL DE OBRAS PRESENTADAS CON DATA 23-02-2007 E R.E. Nº. 1.231 POR (*AUMENTOS DA PLANTA SOTO HACIA Ó INTERIOR DA PARCELA REUBICANDO OS ESPACIOS E CREANDO OUTROS NOVOS E NA PLANTA BAIXA SE RECOLLE A MODIFICACIÓN DA VENTÁ DA COCIÑA CONVITINDOSE NA PORTA DE SAÍDA A ZONA ATERRAZADA SOBRE O TERREO*), RESPECTO DO PROXECTO TÉCNICO PRESENTADO CON DATA 20/08/2002 E R.E. Nº. 5.097, PARA CONSTRUCCIÓN DE “VIVENDA UNIFAMILIAR” COMPOSTA DE (PLANTA SOTO, PLANTA BAIXA E PLANTA DE BAIXO CUBERTA), SITA NA RÚA DE CIRCUNVALACIÓN Nº. 211, EN SOLO NON URBANIZABLE COMÚN (ORDENANZA Nº. 8 DO P.X.O.U.), acorda proceder á liquidación complementaria da licencia 16/2003.

A Xunta de Goberno Local, vista a instancia presentada por D. ROBERTO TRIGO GÓMEZ E D<sup>a</sup>. NATALIA LOMBA BARBOSA, R.E. Nº. 1.193 DE DATA 21 DE FEBREIRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE REDONDIÑA-A GÁNDARA Nº. 23 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA Á LICENCIA Nº. 24/1999 OUTORGADA POLA COMISIÓN DE GOBERNO MUNICIPAL DE DATA 01-02-1999, POR DIFERENCIAS PRESUPUESTARIAS CONTEMPLADAS NAS MODIFICACIÓNS FINAIS DAS OBRAS E CERTIFICADO FINAL DE OBRAS PRESENTADAS CON DATA 21-02-2007 E R.E. Nº. 1.193 POR (*AUMENTOS DA PLANTA SOTO PARA USO DE BODEGA E CUARTO DE CALDEIRAS*), RESPECTO DO PROXECTO TÉCNICO BÁSICO E EXECUCIÓN PRESENTADO CON DATA 23/12/1998 E R.E. Nº. 3.537, PARA CONSTRUCCIÓN DE “VIVENDA UNIFAMILIAR” COMPOSTA DE (PLANTA SOTO, PLANTA BAIXA E PLANTA DE BAIXO CUBERTA), SITA NA RÚA DE REDONDIÑA-A GÁNDARA Nº. 23 DA PARROQUIA DE “SALCIDOS”, EN SOLO NON URBANIZABLE COMÚN (ORDENANZA Nº. 8 DO P.X.O.U.), acorda proceder á liquidación complementaria da licencia 24/1999.

PUNTO 11.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENCIA DE APERTURA.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licencia municipal promovida por DNA. CARMEN MARÍA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (R.E. 8.160 de data 16 de NOVEMBRO do 2006), para o local dedicado a actividade de RESTAURANTE 1 TENEDOR (Épig. 671.5) sito na rúa de Galicia, nº 59-baixo B, que antes figuraba a nome de FABIOLA CASTRO VICENTE,

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a DNA. CARMEN MARÍA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ cambio de titularidade na licencia municipal que antes figuraba a nome de FABIOLA CASTRO VICENTE, para a actividade de RESTAURANTE 1 TENEDOR (Épig. 671.5) sito na rúa de Galicia, nº 59-baixo B de A Guarda ( O MEIGALLO).

*Non habendo máis asuntos a tratar o Presidente levanta a sesión ás trece horas e cincuenta minutos do día da data do que eu, como Secretaria, dou fe.*